



Defensores da paz

ANTONIO FLORES (cantante): "No dudaría"

...Si pudiera olvidar todo aquello que fui, si pudiera borrar todo lo que yo vi, no dudaría, no dudaría en volver a reír.

Si pudiera explicar las vidas que quité, si pudiera quemar las armas que usé, no dudaría, no dudaría en volver a reír.

PROMETO VER LA ALEGRIA, ESCARMENTAR DE LA EXPERIENCIA, PERO NUNCA, NUNCA MÁS USAR LA VIOLENCIA.

Si pudiera sembrar los campos que arrasé, si pudiera devolver la paz que quité no dudaría, no dudaría en volver a reír. Si pudiera olvidar aquel llanto que oí, si pudiera lograr apartarlo de mí, no dudaría, no dudaría en volver a reír.

RIGOBERTA MENCHU, PREMIO NOBEL DA PAZ 1992


Es necesario que todos enfermemos con una epidemia de solidaridad que contagie al mundo entero.

MARTIN LUTHER KING, PREMIO NOBEL DA PAZ 1964

Aprendemos a voar como paxaros, a nadar como peixes; pero non aprendemos a sinxela arte de vivir como irmáns.

JOHN F. KENNEDY, PRESIDENTE DE EEUU

O home ten que establecer un final para a guerra, ou a guerra establecerá un fin para a humanidade.



¡Engánchate á lectura!

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 3 Xaneiro, 2008

TEMPO DE **L E c e R**

Lectura, ledicia, liberación, lección...

Entretemento, emoción, ensoñación, esperanza, engaiolamento...

Coñecemento, cultura, curiosidade, criterio, civilización, conforto, consulta...

Entendemento, encontro, empatía, enganche, enlace, entrega, estudo...

Reflexión, recreo, refuxio, recollemento, rescate..



"O bibliotecario" (Giuseppe Arcimboldo)

AS NOSAS RECOMENDACIÓNS PARA O DÍA DA PAZ

Lecturas

Agosto do 36 de Xosé Fernández Ferreiro

A temática principal da novela xira en torno ao «paseo» do que foi vítima unha parella de mestres rurais nunha aldea da serra de Ourense nos primeiros días do alzamento militar.

O autor mergulla ao lector nunha atmosfera abafante, de crueza e tensión, na que as paixóns das persoas, con todas as súas vilezas, saen a flote nun contexto en que amor e odio se tocan.



Soldados de Salamina de Javier Cercas

É un «relato real». Sen embargo, os lectores lerano como un *thriller* porque Javier Cercas embárcanos nunha investigación de feitos históricos que resulta apaixonante porque o seu propósito é desentrañar un segredo que se resiste a ser revelado, un segredo esencial que concerne non só ao noso pasado máis incómodo, senón sobre todo á condición humana.



Cine

“**Gandhi**”, de Richard Attenborough, interpretada por Ben Kingsley (Gandhi) é unha película que narra cómo o personaxe de Gandhi consegue, mediante a non violencia, a independencia da India do Imperio Británico.

“**La vida es bella**” de Roberto Benigni.

É unha película italiana de 1997 que narra como un italiano xudeu, Guido Orefice (interpretado por Roberto Benigni, tamén director e coescritor do film), inventa unha especie de historia romántica como contraposición ao terrible mundo que os rodea tanto a el como ao seu fillo.

“**Para que non me esquezas**” é unha coprodución galega da directora [Patricia Ferreira](#) do ano 2005.

Narra a historia de Irene que convive sen problemas co seu fillo David e o seu pai Mateo, un ancián moi vitalista aínda que perdeu a súa casa e toda a súa familia durante a Guerra Civil. A relación co seu fillo desenvólvese sen problemas ata que el, un brillante estudante da carreira de Arquitectura, decide marchar a vivir coa moza Clara, unha rapaza que se gaña a vida como caixeira dun supermercado. A Irene cústalle comprender e aceptar a decisión do fillo.



ACTIVIDADES PARA O DÍA DA PAZ NO IES MGB

- Elaboración de carteis en relación co tema da paz e a non violencia.
- Proxección en Usos Múltiples das películas “Gandhi”, “La vida es bella” e “Para que non me esquezas” con resposta a un cuestionario das actividades propostas.
- Lectura en voz alta dun manifesto “A favor da Vida, da Paz e da Igualdade”, poemas, relatos e textos en relación coa Paz e a Guerra.
- Diversas actividades na aula co profesorado das distintas materias.

